



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CUADRIENAL 2021/2024 DE MEMORIA DEMOCRÁTICA EN GALICIA 2023.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de interese público realizar accións conxuntas para actuacións dentro do plan cuadrienal de memoria democrática de Galicia 2023.*

**PROGRAMA EXPOSITIVO**

*O Plan cuadrienal obxecto deste convenio integra tres liñas estratéxicas fundamentais das políticas públicas de Memoria Democrática que se pretenden desenvolver ao longo do período*





(2021-2024), aínda que os seus obxectivos sexan revisables de forma anual. Estas liñas estratéxicas son:

- Tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura (liña 1).
- Actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos (liña 2).
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos (liñas 3).

Por parte da USC, a través do Grupo Histagra, que ten como IP ao Catedrático de Historia Lourenzo Fernández Prieto, coordinarase un equipo de investigación que desenvolverá os traballos en tres fases, definidas polas seguintes actuacións:

- Actualización dos datos sobre fosas, documentación e localización.
- Mantemento e actualización do portal <http://fosas.nomesevoces.net/> onde se amosan os contactos para as familias e asociacións, así como o traballo do equipo proposto.
- Coordinación de traballos de exhumación e atención a familiares e asociacións para a recollida de datos, documentos e mostras forenses.
- Investigacións preliminares e informe final: Documentación, coñecemento, entrevistas, arquivos
- Intervención arqueolóxica das fosas designadas para exhumar.
- Investigación forense dos restos humanos a través do IMELGA.
- Análise xenético dos restos a través do Instituto "Luís Concheiro" de Ciencias Forenses USC.

As tarefas a realizar en 2023 serán as seguintes:

Liña 1.- Localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

1. Exhumación e identificación da fosa de Santa María de Pradocabalos (Viana do Bolo):
2. Exhumación e identificación da fosa do cemiterio de San Salvador de Trasanquelos (Oza-Cesuras):
3. Localización da fosa de Santa María do Val (Narón) :

Liña 2.- Divulgación de traballos efectuados e resultados obtidos.

1. Estudo histórico e impacto da violencia franquista en Celanova: A fosa de San Breixo.
2. Presentación resultados Plan de Memoria de Galicia 2021-2022 en foros, congresos e xornadas académicas nacionais e internacionais.





Liña 3.- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

1. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Celanova (Ourense).
2. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
3. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Vilacoba (Lousame-A Coruña).
4. Traballos de recoñecemento do espazo da fosa común do cemiterio de Filgueiras (Crecente-Pontevedra).

*Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

